



SELECCIÓN TEMPORAL DE PERSOAL FACULTATIVO DE ATENCIÓN ESPECIALIZADA, A ASIGNATURA PENDENTE DO SERGAS

Neste ano cúmprense **25 anos** do primeiro **pacto de selección temporal do persoal estatutario do SERGAS**. En cada pacto fóronse incluíndo novos colectivos profesionais, vencendo a resistencia do SERGAS de deixar fora do mesmo as/os licenciadas/os sanitarios.

O actual pacto recolle a **selección temporal de licenciadas/os sanitarios** das categorías de: Médicas/os de Familia, Pediatras e Odontólogas/os de atención primaria e Psicólogas/os Clínicos. E agora, por fin, parecía que a Administración sanitaria ía rematar coa arbitrariedade na contratación de FEAS (Facultativos Especialistas de Área), e o pacto de **selección temporal de persoal Facultativo de Atención Hospitalaria** ía ser unha realidade.

O **Plano de estabilidade** publicado o día 4 de maio de 2017, volve a recoller un procedemento de selección de licenciadas/os sanitarios para atención especializada. O día 5 de maio de 2017, convocase a primeira, e única reunión da comisión técnica. Nesta reunión a Administración fíxonos entrega do borrador de selección temporal de FEAS, e **desde aquela nunca mais**.

- O **plano de estabilidade** do SERGAS recolle que a data **30 de xuño de 2017** estaría rematado o procedemento de estabilidade no emprego deste colectivo.
- Que esta a pasar para que o SERGAS non convoque unha nova reunión da **comisión técnica?**
- Que interese hai en seguir tendo na **máis absoluta precariedade** as/os licenciados sanitarios de atencións especializada?
- Por qué o SERGAS **non esta a cumprir** o seu propio plano de estabilidade?
- Coma unha Administración pode ter a un colectivo profesional **asinando contratos, día si, día non**, en vez de ofertarlle vínculos de estabilidade, xa autorizados?

CIG-SAÚDE exige do SERGAS a convocatoria inmediata da comisión técnica de selección temporal de licenciados sanitarios de atención especializada.

Esiximos a inmediata negociación e aprobación do pacto de selección temporal, e que os **vínculos de curta e longa duración** se oferten polas listaxes resultantes deste procedemento.

Non ten ningún sentido manter a precariedade laboral